

Feo¹Miguel A. Alonso Diz²

Teño o pracer de interromper a lectura da revista *Madrygal*, tan chea de boas intencións coma inútil, para facer o seguinte anuncio:

O nome da nosa entidade é Finantial Energy Opportunity, tamén coñecida entre nós como FEO. Bromas poucas que somos unha empresa seria. De traxe dos domingos pola semana e gravata de moda italiana. Entre as nosas actividades, levadas a cabo por empresas que pertencen ao noso grupo tales como: Private Water Always, Blue Sky Money, Capital Green Resources ou Greenblue Glod Electric, atópase a de instalación, explotación e desenvolvemento de parques eólicos. Tamén coñecidos como aeroxeradores, ou muíños de ventos.

(Tamén nos dedicamos a minería de explotación a ceo aberto, e temos numerosos proxectos pendentes de aprobar en canto vos despidestes, pero ese é outro conto).

Como ben sabes a nosa opción é a máis sostible, a de mellor prensa e a que asegura que nosoutros poidamos seguir mantendo o noso nivel de vida. Somos unha empresa ecolorista, digo ecolista, ou eco... como era?... loxista... iso, ecoloxista que non me saía a palabra. Con fondas preocupacións medioambientais.

Ademais non podes negar o bonitos que quedan os muíños a case 200 metros de altura. “Un mar de cruces... Unha metáfora da relación das persoas coa terra” díxome unha coñecida. “Un camposanto” – digo eu. Que bonita imaxe!

Seino, seino... seguramente ti tamén te emocionaches ao ler estas liñas. A acción do home deixando a súa pegada na natureza; e si, digo só home conscientemente. Non é tampouco cousa de pórse agora con parvadas cando o que che estou presentando é o progreso, o futuro.

É máis, na contorna destes xigantescos muíños podemos afirmar que desaparecerán molestas aves de todas as clases. Que eficaz instrumento! Que prodixio! Un avance, sen dúbida, que co tempo nolo ides agradecer.

Non che negarei que é necesario facer obra e meter pa, e mover terra, e tirar pedra, e cimentar a base os alicerces e esas cousas. Tampouco negarei que igual atopamos no camiño algunha trapallada sen maior importancia para o noso futuro coma petróglifos, dolmens, mámoas, castros ou restos de castelos... Vestixios dun pasado que nada ten que ver connosco, persoas do mañá. Como ben sabes: “auga pasada non move muíño”.

Non me farto de repetir que a historia é unha pedra que cómpre esnaquizar. Non te deixes enganar por eses países que conservan o seu patrimonio coma se fose o seu ben máis prezado, creando unha industria cultural e turística ao seu redor. Vaia parvada!

Isto é Galicia, non Exipto. A nosa historia non é importante. Xa non o é o idioma. Agora que o penso... Agardo que a persoa responsable da edición non traduza este escrito ao galego. Nesta revista todo é posible... Imaxínate,

¹ Este relato foi publicado previamente no volume colectivo *Creadores na reserva* (Gálix, 2022).

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Miguel_Angel_Alonso_Diz; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/miguel-angel-alonso-diz>.

un escrito dunha empresa tan importante como a Financial Energy Opportunity en galego. Xa sei... xa sei... tamén se che poñen os pelos de punta.

Volvendo ao rego, non negarei tampouco o tema do ruído. Moitos protestan por isto. Hai moito mexeriqueiro nas aldeas! E digo eu dúas cousas:

Por unha banda hai estudos, ben os coñecemos, que din que case non fan ruído ningún. Que se a tal distancia coma nunha oficina, que se a outra coma un electrodoméstico... Vale! E se fai ruído, que?

Aquí entra o segundo argumento. Dende FEO preguntamos: Acaso a xente do rural ten máis dereito que a de cidade? Acaso eles poden gozar do silencio da terra, da voz do vento, dos sons das fragas e nós non? Aquí ou todos ou ningún. Considero que é de xustiza agradecer o labor da nosa empresa neste sentido. Sen dúbida, grazas a nós, o mundo será máis igual e haberá o mesmo ruído na cidade que no rural. Ademais, entre nós, as aldeas están desaparecendo. Nun par de anos todas serán casas abandonadas. É unha tolada supeditar o noso futuro a catro vellos e un par de nostálxicos. Morra a aldea! Viva a xustiza para a xente da cidade!

Imaxino que te emocionaches ao ler isto último. Seino, e igual pensas que somos demasiado bos e que temos intencións agochadas. Acouga, nada máis lonxe. Todo isto xorde do noso compromiso convosco e sobre todo conosco. A nosa RSC (Responsabilidade Social Corporativa) é un dos piares do proceder de FEO. Sempre para beneficiarnos das persoas. Sempre para tirar o maior proveito de vós. Querémosvos así como sodes!

A esta altura deste anuncio seguro que xa esqueciches toda a trapallada que liches na revista *Madrygal*. Fas ben! Moitos nin sequera

son escritores de verdade. Escriben só literatura infantil e xuvenil.

Chega entón o momento de falar de dun tema que preocupa a moitas persoas: Que vai pasar coas Reservas da Biosfera? Lugares como a Mariña Coruñesa ou as Terras do Mandeo onde temos proxectado establecernos.

Confiade en nós. Empregaremos criterios de eficiencia e eficacia económica, desenvolvemento sostible do noso, máximo aproveitamento do voso, sobreexplotación, contaminación, ruptura do medio ambiental, flora e fauna en desaparición, desequilibrio, impacto visual, fraccionamento fraudulento, zonas de sacrificio, procedementos administrativos, expropiación, liñas de alta tensión... Malia tanta palabra, non te preocupes. O que debes saber é que todo isto reverterá nun beneficio económico que, de xeito marxinal, irá parar á túa carteira. Pode que non o notes na factura que teñas que pagar ti ou a túa familia, pero é seguro que te estarás beneficiando; só que, debido á túa capacidade, non es quen de decatarte.

Despois de todo ti só es un neno, (se es unha nena pénsate incluída), e pouco ou nada entendes destas cousas tan complexas, nin tes que facelo. Só debes preocuparte de conectar a túa tableta, ou teu móbil, ou o teu ordenador e esquecerte de todas estas cousas. Que se a terra, a paisaxe, o idioma, os xacementos arqueolóxicos, a flora, a fauna, a vida, Galicia en definitiva... Nada diso fará que sexas feliz. Por contra a ignorancia é moi útil neste sentido. Deixa esta revista e esqueceo. Non sigas lendo.

Só me resta despedirme.

Francisco Cacafede

Director de Comunicación de FEO

“Sempre convosco pensando en nós”